



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Marzo 2020 • Nº 246




AXENDA PARA MARZO

- 6 de marzo: **Acto de recoñecemento á muller**, no salón de plenos ás 17:00 h.
- 7 de marzo: Ruta **"A Camelia nos pazos e Casas Grandes de Vedra"**.
- 17 de marzo: **Punto de información catastral** na Casa do Concello de 9:00 a 14:00 horas.
- 17 de marzo: **Escola de saúde...** Charla coa enfermeira pediátrica Eva Santos ás 20:00 horas no Centro Social...**"Nutrición saudable para escolares"** Desfacendo mitos!!

AXENDA PARA MARZO DAS ASOCIACIÓNS

- **Teatrofilia 2020** da Asociación Cultural Papaventos, do 13 de marzo ao 4 de abril.
- **Ocean Lava 2020**, o 14 de marzo.
- **Feira da Ulla**, o 22 de marzo.
- **VII Festival de Bandas Xuvenís** da Escola de Música de Santa Cruz, o 22 de marzo.



VEDRA SOSTIBLE: AUGA LIMPA

Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sostible e o saneamento para tod@s.

MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

E EN ABRIL... XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO 2020. 1,2,3 e 4 DE ABRIL

- Haberá: conferencia, cata comentada, maridaxe de produtos con cociñeiros de recoñecido prestixio, visita para coñecer proxectos vitivinícolas de referencia... Para máis información e inscricións: 981 814 691

O SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA... AGORA TAMÉN NO TEU MÓBIL!!

■ O novo servizo de Novas por whatsapp do Concello de Vedra SE-GUE MEDRANDO... Contactos que coñecen de primeira man toda a información de interese de Vedra.

Para incluírte no servizo só tes que enviarnos un Whatsapp ao teléfono 663 893 398 co texto: **ALTA NO SERVIZO DE NOVAS**.

O reto é facer que todas as persoas

usuarias deste servizo posúan a actualidade municipal e asociativa de Vedra así como de toda a información doutras entidades (Xunta, Deputación,...) de interese xeral.

Así de sinxelo e pasarás a formar parte deste servizo a través dun grupo de difusión dende o cal recibirás a información sen posibilidade de resposta nin de que os teus datos cheguen ao resto de participantes.





Inauguración das XXV Jornadas Arredor da Camelia 2020.



Vista panorámica da mostra de flor e os traballos ornamentais nestas XXV Jornadas Arredor da Camelia.



Foto de Familia de gañadores e gañadoras do 20º Concurso de Debuxo Infantil da Camelia.



Momento da chegada ás XXV Jornadas da Camelia dos Requiteiros da Ulla.



Actuación dos Fantoques Band - Os Romeiros do Caracol.



Túnel: A Camelia cos 5 sentidos.



Atranques na clausura das XXV Xornadas Arredor da Camelia 2020.



Saída da X Btt da Camelia Concello de Vedra.



Entroido Municipal de Vedra.



Correos e xenerais participantes no Entroido Municipal de Vedra.



Obradoiros de participación xuvenil con alumnado da ESO no CPI de Vedra.



Escola de Saúde co médico García Quintáns do Centro de Saúde de Vedra.



Torneo municipal de xadrez.



ASÍ FOI FEBREIRO DAS ASOCIACIÓNS



Saída do IV Trail A Camelia 2020 do Club Vértice.



III Andaina da Camelia do Club Vértice.



Atranques no Entroido de San Pedro de Vilanova.



Un momento do percorrido pola parroquia no Entroido de Vilanova.



Feira da Ulla en febreiro.



O Ciclo Documental Galego de Inverno da Asociación Senunpeso.

Saúde



ESCOLA DE SAÚDE EN VEDRA

■ Propoñemos esta cita para desfacer mitos sobre a nutrición infantil, da man da enfermeira especialista en pediatría do Centro de Saúde de Vedra, Eva Santos Miranda.

- Data: 17 de marzo.
- Lugar e hora: 20:00 h. no Centro Social de Vedra.

Será un espazo de información e diálogo sobre un tema de gran interese para as familias!! Achégate!!





... ATENCIÓN!!

CAMBIO DE HORARIO DO PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL EN VEDRA A PARTIR DE AGORA SERÁN OS TERCEIROS MARTES DE MES!

■ No mes de marzo, o Punto de información especializado no catastro do concello de Vedra **SERÁ O TERCEIRO MARTES DÍA 17 DE MARZO DE 9:00 A 14:00 HORAS NO SALÓN DE PLENOS DE VEDRA.**

...Neste punto de información catastral:

1) Subminístrase a información catastral ás persoas interesadas, así como a recepción, recursos, cambios de titularidade, altas, reclamacións,... por parte das persoas con titularidade catastral.

2) Facílítase información catastral ás persoas interesadas.

3) Facílítase información catastral sobre dos criterios, módulos, coeficientes e táboas de valoración aplicados ás fincas e aos datos que lles serviron de base.

4) Solicítase a información e recóllense os recursos, altas, cambios de dominio, as reclamacións presentadas polos/as titulares catastrais e os documentos acreditativos da existencia do erro detectado.

OBRIGAS LEI INCENDIOS

■ Un ano máis lembramos as obrigas das persoas propietarias de parcelas no termo municipal para dar cumprimento á Lei de incendios.

OBRIGAS:

1º. Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais:

a) Ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (**recordamos que hai que limpar tamén a maleza das parcelas urbanas**)

b) Arredor das edificacións destinadas a persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, gasoleiras e parques industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

2º. Retirar piñeiros, eucaliptos, mimosa, acacia e o resto de especies recollidas na D.A. 3ª da Lei de incendios que estean situados a menos de 50 metros dos solos e edificacións indicados no punto anterior.

PROHIBICIÓNS:

• Durante o período de alto risco de incendio que disporá a Consellería do Medio Rural **non se poderán realizar queimas de restos agrícolas.**

• Neste mesmo período estival **queda prohibida a realización de grelladas ou calquera tipo**

de fogueira nas zonas agrícolas, forestais ou de influencia forestal. Independentemente de que contén con infraestruturas para a preparación de alimentos.

O incumprimento destas obrigas terá sancións, así como a posibilidade de execución subsidiaria por parte da Administración con repercusión dos custos ás persoas propietarias.

Nas vindeiras semanas, posto que xa foi recibido o Plan municipal de incendios realizado pola Xunta de Galicia, comezaranse a remitir as notificacións de limpeza e corta de arboredo ás persoas propietarias de parcelas afectadas pola Lei de incendios, comezando polas zonas de maior risco da parroquia de San Xián de Sales. Estas notificacións nos próximos meses iran-se estendendo a outras zonas das distintas parroquias con alto risco de incendio.



EN LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ Novo protocolo de actuación para os avisos e retirada de niños.

A Xunta e a Fegamp estableceron un novo protocolo de actuación no marco do plan de loita contra a vespa velutina polo que os avisos de niños de velutina terán que facerse a través do número de información 012 e será a empresa pública de Servizos Galegos (Seaga) a que se encargará da retirada e destrución dos niños da vespa velutina en todo o territorio galego. O persoal de Seaga contará coa formación específica para tratar esta praga, según a normativa que regula a capacitación para realizar tratamentos con biocidas recollida nun Real decreto de 2010.

Prazos de resposta:

Para aqueles niños que estean situados en lugares accesibles e a menos de 25 metros de altura, o prazo de resposta será de cinco días hábiles desde que se reciba o aviso da incidencia no número de información. Nos casos dos niños inaccesibles e que non estean en altura, o tempo de actuación poderá ser superior aos cinco días.

RECORDA:
SE VES UN NIÑO DE VELUTINA,
CHAMA AO 012

COMO DIFERENCIAR OS NIÑOS

Os niños de Vespa Velutina son de forma redondeada e de maior tamaño có dunha avespa autóctona.

Normalmente entre os 80 cm e 1 metro. Na gran maioría dos casos atópanse no alto das árbores e teñen a entrada por un pequeno furado no lateral do propio niño.



TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.



ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1



1/2 litro de auga tépida + 200 gr. de azucre + 5 gr. de fermento de panadería

Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2




180 ml (1/2 lata) de cervexa negra + 180 ml de zume de arandos + 80 ml vermú de viño branco (a elixir)



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

CICLO DA AVESPA ASIÁTICA



DIFERENCIAS ENTRE VESPA VELUTINA E VESPA CABRO.

A principal diferenza entre a vespa velutina e a cabro é a cor. Podémolas confundir polo seu tamaño, pero a avespa autóctona ten o abdome de cor máis amarela, mentres a velutina é de cor máis escura tendo só unha parte do seu abdome de cor amarelo.

Vespa asiática



Vespa europea/cabro

AVISO DE VERTEDEURAS Á REDE DE SANEAMENTO

■ Tense en coñecemento que en determinados lugares do Concello na rede de saneamento estanse detectando verteduras de augas pluviais á rede, o que está a xerar problemas neste servizo.

Por este motivo recórdase á veciñanza a prohibición de verter augas pluviais á rede de saneamento, polo que lles rogamos que revisen as conexións e se eliminen, de ser o caso, as verteduras de augas pluviais.

Xuventude

QUEDADA XOVE – POSTA A PUNTO

- Os sábados 14 e 28 de marzo.
 - Horario: das 17:00 h. a 20:00 h.
 - Na Casa do Antigo Xulgado de Vedra.

Que faremos?

Será un espazo para crear un “punto de encontro”, xuntarse, conversar... e tamén desenvolver algunha que outra actividade como por exemplo un campionato de fútbolín, ioga da risa...

Está dirixido para a mocidade da ESO.

Para máis información 981 814 691.



VOLUNTARIADO XUVENIL

- Tes moito tempo libre, e non sabes que facer co mesmo? Queres aproveitalo aprendendo e adquirindo experiencias de cara a un futuro laboral?

Anímate a participar como voluntario/a xuvenil! e reserva a túa praza (prazas limitadas). Se tes entre 16 e 30 anos, podes participar nas diferentes áreas nas que se desenvolverán as accións voluntarias: atención a peregrinos, dinamización sociocultural, accións ambientais, apoio escolar, acompañamento de persoas maiores, recuperación patrimonial...

Ademais, as persoas voluntarias, contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C. e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Se estás interesado/a e se queres recibir máis información ou inscribirte, podes contactar a través do teléfono 981814695 ou no correo: xuventude@concello-devedra.com

APÚNTATE XA!

Cultura

VEDRA... COAS LETRAS!!!

- Aínda queda moito para maio,... pero Vedra xa prepara as súas accións conmemorativas das nosas letras!!

...Presta moita atención porque haberá moitas sorpresas!!

A primeira delas será unha “Quedada Literaria”...

Será unha boa ocasión para falar do gusto pola lectura no noso idioma,... e a obra escollida para abrir o debate será “A neve interminable” de Agustín Fernández Paz.

- Data: venres 8 de maio.
- Lugar: Biblioteca de Vedra.
- Hora: Ás 20:30 horas.



ruta “A CAMELIA NOS PAZOS E CASAS GRANDES DE VEDRA” NA PROGRAMACIÓN DAS XXV XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ A última das accións, dentro da programación das XXV Xornadas Arredor da Camelia, será esta excursión proposta para coñecer diversas paraxes e xardíns inéditos de Vedra relacionados co mundo da Camelia.

Programa:

Recollida ás 10:00 horas na Casa do Concello.

Visitas:

- Ao viveiro Suffruticosa en San Miguel de Sarandón.
- Aos xardíns do Pazo Cibrán e da Adega Casa do Sol en San Xián de Sales.

Prezo: 5 €.

Inscripcións no teléfono 981 814 691 (Departamento de Cultura).

**RUTA:
A CAMELIA
NOS PAZOS E
CASAS GRANDES
DE VEDRA**
7 de marzo de 2020

Visita ao Viveiro Suffruticosa en San Miguel de Sarandón, os xardíns do Pazo Cibrán e os da Adega Casa do Sol en San Xián de Sales

Prezo: 5 €

Prazas limitadas.
Imprescindible inscrición previa.
As prazas adxudícanse por orde de inscrición a partir do 1 de febreiro.

Máis información:
No Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.

Educación



VEDRA MEDRA

*“Marzo amarzador, se un día é malo,
o outro é peor.”*

■ **Vedra medra** continúa convocando a xente de máis idade de Vedra nese obxectivo de vincular persoas e patrimonio.

O 14 de febreiro visitáronnos José Manuel Segade, José María López e Manuel Vilas, recoñecidos carpinteiros de Vedra e de San Mamede de Ribadulla.

O alumnado de 1º e 2º da ESO tivo a ocasión de ver e coñecer o funcionamento de diferentes útiles que empregaban hai catro ou cinco décadas José María e Manuel no seu taller. Soubo tamén da laboriosa elaboración dos pipotes nesta terra da Ulla, gran produtora de viño, escoitando a un carpinteiro experto.

E entre todos (informantes e rapaces) revisamos o cuestionario de recollida de campo que nos facilitou o programa *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* (Proxecta da Consellería de Educación).



Esta sesión, na que estivo presente o Departamento de Tecnoloxía, difundirase en formato audiovisual no 3º trimestre como parte dun monográfico dedicado á carpintería e á madeira.

No marco da nosa investigación sobre a *xente con oficio*, en **Vedra medra** quixemos prestarlles unha especial atención ás mulleres da contorna e ao traballo invisible e pouco recoñecido que desenvolveron ao longo da súa vida.

Continúa na páxina 9

Para iso deseñamos a sección TRABALLO E XÉNERO NO RURAL que inclúe diversas actuacións que comezaremos a divulgar a partir do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

O xoves 6 de febreiro, comezamos as gravacións das historias de oito mulleres singulares. Catro responden ao perfil de emigrantes retornadas (Carmen Sobredo, Carmen Gómez, Carmen Cao e Isabel Ares), as outras catro son residentes (Lolita García, Pilar Pérez, Salomé Mera e Rosario Cutrín). As entrevistas realizáronas trece alumnas da ESO. Unha semana despois, aproveitando a súa viaxe a Galicia conversamos coas irmáns Isaura e a Digna Fariñas Varela, de Reboredo (Boqueixón) que emigraron a Bos Aires nos anos cincuenta. Este colectivo, o das emigradas aínda residentes no estranxeiro, en particular, en Arxentina é co que estamos a traballar arestora.

Finalizamos o mes de febreiro coa participación de dez parellas de rapaces que dirán os seus atranques do Entroido que saíron da Escola de xenerais e correos que promoveu o Concello e ao que asistiu maioritariamente alumnado do CPI de Vedra.

E para celebrar o Día de Rosalía e a Festa da exaltación da camelia 2020, **Vedra medra** presenta “Camelias para Rosalía”.



A coincidencia dos dous festexos levounos a deseñar unha proposta en honra da escritora utilizando como base a flor de Vedra por excelencia, a camelia, en cuxos pétalos inserimos poemas de *Cantares Gallegos* e de *Follas novas*.

Participaron en “Camelias para Rosalía” os/as alumnos/as de 1º e 2º da ESO. A rapazada encargouse da escolma, a lectura, a gravación e de pór música á peza que acompañará o referido póster e que formará parte da exposición que terá lugar o vindeiro 23 de febreiro en Sta. Cruz de Ribadulla.

A comunidade de **Vedra medra** suma xa máis de 500 persoas. E queremos seguir aumentando para poder continuar co labor de visibilizar o patrimonio local desde as aulas para todos. Estamos no **Facebook Vedra medra**.

Deporte

ETAPA DE SENDEIRISMO. SÁBADO 21 DE MARZO

■ O grupo de sendeirismo continúa co seu Camiño Miñoto Ribeiro.

Eta do mes de marzo: Saída de “A Mámoa” e chegada sen determinar.

ATENCIÓN: CAMBIO DE HORARIOS nos lugares habituais de recollida:

- 7:30 horas. Saída da Estación de Autobuses de Santiago.
- 7:35 horas. Parada en Hipercor.
- 7:45 horas. Parada no Breixo.
- 7:50 horas. Parada en Lestedo.
- 8:00 horas. Parada en Mosqueiro.

Información e inscricións abertas ata o 18 de marzo no teléfono 981 814 691.





LIGA MUNICIPAL DE FÚTBOL SALA CONCELLO DE VEDRA

■ Rematada a competición compartimos a táboa de resultados.

Liga Concello de Vedra - Clasificación									
P	NOMBRE	P	PJ	PG	PE	PP	F	C	D
1	Reale Lestedo Futsal	30	12	9	3	0	69	20	49
2	Aríns F.S.	29	12	9	2	1	59	30	29
3	Os Picholeiros	24	12	8	0	4	44	29	15
4	República de Fontao	15	12	5	0	7	46	47	-1
5	A Taberna do Souto	13	12	4	1	7	42	42	0
6	CPM Eventos	12	12	4	0	8	35	64	-29
7	Bar Damajuana	0	12	0	0	12	23	86	-63

Goles			
P	NOMBRE	EQUIPO	GOLES
1	Rubén Pereira Sanmartín	Aríns F.S.	23
2	David Núñez Barral	A Taberna do Souto	17
3	Víctor García Mareque	Reale Lestedo Futsal	17
4	Iván Souto Espasandín	Reale Lestedo Futsal	15
5	José Antonio Marque Ruibal	República de Fontao	13

Servizos Sociais



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

- **Final da liga de Brisca**
Luns 2 de marzo ás 20:00 h.
- **Escola do Móbil: "Como gravar vídeos e audios co móbil"**
Xoves 5 de marzo ás 20:00 h.
- **Excursión a Bragança (Portugal) e Puebla de Sanabria.**
11 e 12 de marzo. (2 días, 1 noite)
Itinerario: visita a Bragança: castelo, cidadela... Puebla de Sanabria: pobo e lago.
Prezo: 105 € (Inclúe: transporte, pensión completa en habitación dobre, visitas e seguro de viaxe) - prazas limitadas - aberta a todos/as interesados/as.
(O prazo de inscrición ábrese o 10 de febreiro de xeito presencial na cafetería do centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asen-



Saída ás Termas de Outariz

to adxudicaranse por orde de inscrición).

- **Bingo**
Xoves 26 de marzo ás 20:00 h.

- **Comezo da liga de Tute**
Todos os luns a partir das 20:00 h.



PROGRAMA DE TERMALISMO IMSERSO 2020

■ Prazos para a presentación das solicitudes:

Quendas meses setembro a decembro: **Ata o 15 de maio de 2020**. Inclusión na listaxe de espera: Ata o 30 de outubro de 2020.

Requisitos:

1. Poderán participar no Programa de termalismo do Imsero, as persoas residentes en España, que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- a. Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do sistema de Seguridade Social español.
- b. Ser pensionista de viuvez con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do sistema de Seguridade Social español.
- c. Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do sistema de Seguridade Social español.
- d. Ser persoa asegurada ou beneficiaria do sistema de Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade.

2. As persoas usuarias de praza deben reunir os seguintes requisitos:

- a. Poder valerse por si mesmo para realizar as actividades básicas da vida diaria (ABVD).
- b. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
- c. Alcanzar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lles permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

3. Igualmente, poderán participar nos programas as persoas de nacionalidade española, que residan no estranxeiro, sempre que perciban unha pensión do sistema de Seguridade Social español e contén coa idade esixida no punto 1, ou sexan persoas aseguradas ou beneficiarias do sistema de Seguridade Social español, con idade igual o superior a sesenta e cinco anos, de acordo co previsto no punto 1.d) e, en todos os supostos, reúnan o resto dos requisitos esixidos ás persoas usuarias no punto 2.

4. Tamén poderán ser persoas adxudicatarias das prazas, como acompañante, o cónxuxe ou, no seu caso, a parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia con análoga relación



de afectividade á conxugal, sen necesidade de que estes reúnan algún dos requisitos esixidos no punto 1 e en todo caso, cumprindo os requisitos previstos no punto 2.a) e b). Así mesmo, poderán ser persoas adxudicatarias de praza, os descendentes con discapacidade, en grado igual ou superior ao 45%, sempre que a quenda a desfruten cos seus pais e se aloxen na mesma habitación.

5. Os requisitos establecidos no punto 2 acreditaranse ao Imsero na propia solicitude mediante declaración responsable da persoa solicitante.

6. En todo caso, a concesión de prazas está condicionada á dispoñibilidade das mesmas, por parte do Imsero, nos establecementos termais.

ATENCIÓN... Podes consultar o listado de balnearios incluídos neste programa no departamento servizos sociais de Vedra ou na nosa páxina web.

TELÉFONO SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA
981 814 693



LUDOTECA

■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Conxuga, no que o desenvolvemento da igualdade e a conciliación é o punto de referencia, no mes de marzo centrarémonos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas ademais da realización de distintos talleres e obradoiros.

Con esta intención, presentamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Sentinelas do Planeta.
- Xogando en valores: Contacontos.
- Xincana pola Igualdade e corresponsabilidade.
- Obradoiro emocional.
- Celebración do día da muller traballadora "todas e todos pola igualdade".
- "Mr. Manitas".
- Miúdos/as artistas.
- Compañeiros/as de xogo: Xogo en gran grupo.
- Supercociñeiro.



Para calquera información poñerse en contacto no tf. 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

Muller

MULLERES ASASINADAS ANO 2020

14



Concello
de Vedra

VEDRA É MULLER!!

- Data: venres 6 de marzo.
- Hora: 19:00 h.
- Lugar: Salón de plenos do Concello.

E que mellor ocasión para homenaxear á primeira concelleira de Vedra na historia: Maricarmen Nieto Castro.

Dende o departamento de muller e igualdade, con motivo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das mulleres, poñendo en valor o papel destas na nosa comunidade.

Acto de recoñecemento á muller.



RELATOS EN IGUALDADE!!

- Aberto o prazo de participación nesta iniciativa creativa e literaria para a mocidade de primaria e secundaria.

A idea é que os escolares conten en primeira persoa como ven a igualdade, por este motivo propoñemos este concurso de relatos.



As bases poden consultarse na páxina web municipal e achegaranse a cada un dos centros escolares de Vedra!

Prestade moita atención e participade!!

Haberá agasallos en todas as categorías!!

OBRADOIRO “SACA PARTIDO AO TEU MÓBIL: SAÚDE, LECER E APRENDIZAXE”

■ Esta iniciativa ten como obxectivo que as participantes poidan identificar e saber usar os distintos elementos dun smartphone Android.

O departamento de igualdade do concello quere pór en marcha unha nova acción formativa. Nesta ocasión, trátase do curso “Saca partido ao teu móbil: Saúde, lecer e aprendizaxe”, que dará comezo en febreiro, de 18.00 a 20.00, na aula CEMIT luns e mércores. Mediante este curso, as participantes poderán identificar e saber usar os distintos elementos dun smartphone Android, sacar partido a todos os elementos e aplicacións integradas de serie nun smartphone e satisfacer necesidades reais da vida cotiá.

Ademais, mediante estas clases, as participantes aprenderán a utilizar de maneira óptima os seus dispositivos móbiles ou tablets, fomentando o seu rendemento, coñecemento e utilidades prácticas no día a día, localizando recursos, aplicacións, coñecementos dos distintos periféricos existentes no mercado e a ser capaces de realizar o mantemento do seu dispositivo móbil, todo iso nunha contorna segura.

Son moitas as mulleres que descoñecen as diferentes utilidades que se lles poden dar aos móbiles de hoxe en día. Por iso, este tipo de iniciativas son necesarias para que as participantes teñan as ferramentas adecuadas para estar ao día, polo menos, neste tipo de tecnoloxías. Estas accións formativas están para iso, para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas e que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da

informática, de idiomas ou doutras ferramentas que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral.

Para poder facer fronte á fenda dixital de xénero o departamento de igualdade organiza este taller formativo de 20 horas de duración: “Saca partido ao teu móbil: Saúde, lecer, aprendizaxe, etcétera”, para identificar e saber usar os distintos elementos dun smartphone Android, sacar partido a todos os elementos e aplicacións integradas de serie nun smartphone e satisfacer necesidades reais da vida cotiá.

Mediante este curso, as participantes aprenderán a converter o seu teléfono móbil ou tablet no centro de lecer, a localizar recursos gratuítos educativos para aprender e xogar en familia, fomentando o rendemento académico dos menores co uso dos dispositivos móbiles, a coñecer os distintos periféricos existentes no mercado para control da saúde, a ser capaz de realizar o mantemento do seu dispositivo móbil.

O prazo de inscrición estará aberto ata o 16 de marzo.

A inscrición, estará colgada na páxina web do Concello, deberá remitirse por sede electrónica, ou ben entregarse persoalmente no departamento de servizos sociais do concello.

Para máis información:

carmen.sabio@concellodevedra.com

Tf. 699 041 486 ou 981 814693 de 9:00 a 14.00 horas

Iniciativas Asociativas

VII FESTIVAL DE BANDAS XUVENÍS DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA

■ **Data:** 22 de marzo.
Hora: Ás 17:00 horas.
Lugar: Nave da Estación de Santa Cruz.

Programa:

- Banda infantil da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla.
- Banda xuvenil de Meaño.

- Banda xuvenil da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla.





TEATROFILIA 2020, DA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

Do 13 de marzo ao 4 de abril

■ Un ano máis chega unha nova edición desta Mostra de Teatro Amador que enche Vedra de cultura a través do teatro.

Consulta as sesións e os horarios e VAI AO TEATRO.

Prezos:

- Entradas: 3 €
- Bono: 7 €

Teatrofilia
HVII Mostra de Teatro Amador de Vedra
2020

VENRES 13 DE MARZO
21:15h "Un, dous, tres" TP
Carauta Teatro (Santiago de Compostela)

SÁBADO 14 DE MARZO
21:15h "A última cea" +12
Asociación Teatral Fauna 113 (Vigo)

DOMINGO 15 DE MARZO
17h Tarde infantil
"TVS, Televisión de Sarandón"
Escola de Sarandón
(CPA Escuelas/Vedra Teles Vitor)

"E se fun eu?"
Xs Papaventinos (Vedra)

"Hora do exame"
Grupo de Teatro da A.C. Colomangueiro
(Orizco)

20h "Algo pasa con Paco" +12
O Alunxo de Melpomene (Narón)

VENRES 20 DE MARZO
21:15h "Language Planning" TP
Os Quinquilans (Bión)

SÁBADO 21 DE MARZO
21:15h "O xogo de Versailles" +7
Gargalada Teatro
(O Barco de Valdeorras)

DOMINGO 22 DE MARZO
17h "Quero ser maior" Infantil
Avóuxere Teatro (Oleiros)

20h "Eroski paraisos" Cine TP
Dirección: Xesús Ron e Jorge Cora
Coprodución: Chelvere-Olivivo

VENRES 27 DE MARZO
21:15h "Hotel Ramalosa" TP
Aula de Teatro do Concello de Teo

SÁBADO 28 DE MARZO
21:15h "Chicago" +12
Grupo de Teatro Ultra (Ortigueira)

DOMINGO 29 DE MARZO
20h "O cadáver do señor García" +12
Escola Municipal de Teatro de Cee

VENRES 3 DE ABRIL
21:15h "Prescripción facultativa" TP
Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra

SÁBADO 4 DE ABRIL
21:15h "Así soa o meu corpo" TP
Danza
Lara Munin (Vedra)

"Insania" +12
Agrupación Teatral Mariñán (Betanzos)

LUGAR:
Centro Social de Vedra
42°46'21.43"N 8°18'59.86"W

PREZOS:
Entrada 3€
Bono 7€

A hora final do cartel é a de apertura de portas.
A función comenza 15 minutos despois.

*dentro da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña
** Organizado pola Asociación Cultural Senunpeso

Organiza: Asociación Cultural Papaventos

Colabora: Concello de Vedra, Deputación da Coruña, SENUNPEO, ASOCIACIÓN CULTURAL ULLA

www.facebook.com/acpapaventos
asociacionpapaventos.blogspot.com

OCEAN LAVA 2020, O 14 DE MARZO

Club Olímpico de Vedra e Concello de Vedra

■ Kenneth Gasque Island Sport Events, S.L, o Concello de Vedra e o Club Olímpico de Vedra organizan a cuarta edición da competición Ocean Lava Galicia Concello de Vedra.

Tras dúas edicións de Ocean Lava Galicia, na modalidade de triatlón distancia half e olímpica celebradas en Cambados, Vilanova de Arousa e a Illa de Arousa e unha edición no 2019 sobre a modalidade de duatlón por equipos celebrada en Vedra, herdando o legado do duatlón de Vedra, que se celebrou en 5 ocasións, e que neste 2020 busca consolidarse e seguir medrando no mesmo marco e modalidade.

Co precedente do ano pasado no que participaron 105 equipos e case 600 deportistas e por sexto ano consecutivo formando parte do campionato galego da modalidade.

Ocean Lava Galicia consolídase así dentro do Ocean Lava Planet como a única proba na Península Ibérica dunha serie con eventos ademais de en España, en Bélxica, Chipre, Eslovenia, Grecia, Malta, Montenegro, Polonia, Italia, Turquía, Croacia e Sudáfrica.

OCEAN LAVA
GALICIA

2athlon


Concello de Vedra

SÁBADO 14 DE MARZO 15:30
PISTA DE RODADURA DE VEDRA

FEIRA DA ULLA, O 22 DE MARZO

■ Pásate pola única feira con produtos típicos como roupa, calzado, plantas, froitas,... que se celebra todos os cuartos domingos de cada mes!!

Nela podes gozar de polbo e viño do país a prezos populares!!



CUARTO DOMINGO DE CADA MES

FEIRA DA PONTE ULLA

COMPRA, PASEA...

E TÓMALLE UNHA RACIÓN DE PULPO!

DISFRUTA DA ÚNICA FEIRA TRADICIONAL NO CONCELLO DE VEDRA



...A ANTÓN VÁZQUEZ GARCÍA

■ Pois unha vez máis, e a cifra xa é moi elevada, o seu proxecto Alén Space obtivo un novo galardón!!

Esta vez, nada máis e nada menos que se erixiu gañador dos Premios Emprendedor XXI en Galicia, impulsados por CaixaBank a través da súa división "DayOne". Uns premios que contan ademais coa colaboración da empresa pública Enisa, adscrita ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo do Goberno español, e do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) da Xunta de Galicia.

Este recoñecemento inclúe unha dotación económica recibida en Santiago de Compostela, onde se deron cita os principais protagonistas do ecosistema tecnolóxico, inversor e emprendedor de Galicia, que recoñeceron os servizos de **consultoría, deseño, fabricación e operación de pequenos satélites** que proporciona Alén Space! Sabemos que este premio será un máis dos moitos que chegarán!!!



...A NURIA GÓMEZ, EX PORTEIRA DO C.D. SAN MAMEDE

■ Pola súa convocatoria coa selección española SUB-16.

A actual porteira da SD Chispa, foi convocada pola seleccionadora española Toña Is para participar do 27 ao 29 de xaneiro nuns adestramentos coa selección española SUB-16.



A convocatoria veu despois de participar coa Selección Galega SUB-17 na primeira fase do Campionato de España que tivo lugar en Lezama (Bilbao). En anos anteriores xa acudira coa Selección SUB-12 e SUB-14.

Nuria defendeu a portería do CD SAN MAMED dende os 7 anos ata os 14, nas categorías de benxamín, alevín, infantil e cadete.

Esta é sen dúbida unha recompensa ao seu traballo e esforzo e ao bo traballo do CD SAN MAMED.

Vedra Festeira

COMIDA PARROQUIAL

Vedra, 8 de Marzo de 2020

MENÚ

Sopa de Cocido
Cocido Galego
Filloas
Orellas
Café

ADULTOS: 20,00 €

NENOS "Menores de 10 anos": 10,00 €

Cocido parroquial

15 Marzo ás 14:00 hrs. – CAMPO DE CASTILÁNS

PREZOS: Nenos menores de 5 anos: **Gratis.**
Nenos entre 5 e 10 anos: **10,00 €**
Adultos: **25,00 €**



MENÚ: PAN, AUGA, VIÑO, REFRESCOS, POSTRE E CAFÉ
BAILE AMENIZADO POR MARIETTA

A DATA LÍMITE PARA SE APUNTAR: **10 DE MARZO**

RESERVAS: 639 828 948 – 608 584 596

NOTA: Recordamos a todos os veciños e colaboradores das festas que poden facer efectivo o ingreso das cuotas na conta de **ABANCA** Nº: **ES74 2080 0330 1630 4000 8306**, (concepto **CUOTA PATIO** e **NOME** de quen ingresa).

COMISIÓN DE FESTAS PATIO - 2020



EN MARZO... AFORRO ELÉCTRICO NO FOGAR

■ Dende o concello de Vedra recomendamos o aforro de electricidade no fogar como obxectivo nas economías domésticas.

A todos nos gusta saber porque algún veciño paga menos nas facturas eléctricas ou que cousas podemos facer de maneira sinxela e que nos aforran ata un 30% do consumo eléctrico no fogar.

1.- Valora a posibilidade de instalar unha tarifa máis adecuada ao teu consumo e aos teus horarios. Reduce na medida do posible o término de potencia.

2.- Programa os electrodomésticos para que funcionen durante as horas de tarifa reducida.

3.- Instala un equipo de medida da demanda eléctrica. Poderás coñecer a gráfica dos teus consumos, ver a potencia eléctrica recomendable e os consumos e horarios dos teus electrodomésticos.

4.- Desconecta os equipos que non se estean usando. Isto pode supor un 7% do consumo eléctrico do teu fogar.

5.- Merca electrodomésticos de clase A ou superior, consumen un 70% menos ca un modelo de clase media. Electrodomésticos como o frigorífico ou conxeladores que funciona as 24 horas é imprescindible que sexan de clase A.

6.- Substitúe as lámpadas halóxenas e incandescentes por Led, con aforros superiores ao 80%.

7.- Non abras o forno nin a neveira innecesariamente.



8.- Lava os pratos co lavalouza, este gasta 1 kW por ciclo mentres que se o lavamos a man estimase que se gastan sobre 4 kW e temos maior gasto de auga.

9.- Usa o ferro de pasar con lóxica. O maior consumo é no momento de acender, polo que é recomendable acumular roupa para pasar dunha soa vez e que estea un pouco húmida.

10.- Instala enerxías renovables, enerxía fotovoltaica ou eólica.

¿Sabias que a Xunta de Galicia ten aberto ata o día 1 de xuño de 2020 o procedemento IN4210 de axudas para proxectos de enerxía solar fotovoltaica destinados a particulares?

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos subvencionando ata o 50% do investimento.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200123/AnuncioG0474-181219-0006_es.html

PARA ESTE MES DE MARZO, DENDE O CONCELLO DE VEDRA QUEREMOS QUE CADA FAMILIA NOS FAGA CHEGAR AS SÚAS FOTOS OU SUXESTIÓNS DE COMO AFORRAN ELECTRICIDADE NO SEU FOGAR. ENTRE TODAS AS FOTOGRAFÍAS RECIBIDAS, SORTEAREMOS UN VALE DE COMPRA NUN COMERCIO DO CONCELLO PARA MERCAR LÁMPADAS DE BAIXO CONSUMO.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra. com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.